

CORUNET, S.L.



"Sabíamos o que queríamos facer e coñeciámonos desde pequenos"

Daniel Ramos Lobón

Datos básicos

Actividade:	Servizos globais en Internet
Sector de actividade	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
Nº empregados	7
Inversión inicial	36.000 €
Financiamento inicial:	A totalidade do investimento foi financiado con recursos propios.
Web:	www.corunet.com
Municipio:	A Coruña, A Coruña
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

CORUNET é unha empresa que ofrece Servizos Globais en Internet. Actualmente dedícase ao desenvolvemento de proxectos personalizados en Internet, comercio electrónico e consultoría de proxectos en Internet. A día de hoxe desenvóléronse proxectos para máis de 100 empresas salientando traballos para o R.C. Deportivo da Coruña, o Concello da Coruña, Caixa Galicia, Dragados, TNS/Sofres ou a Xunta de Galicia, baseándose fundamentalmente en desenvolvementos en Software Libre.



Datos empresa

Claves do éxito

Creo firmemente que o sector no que desenvolvemos o noso traballo é próspero e ten que ir a máis cada día que pasa. Iso si, creo necesario o apoio da Administración e das empresas privadas.

A nosa empresa é relativamente pequena e pódese adaptar mellor aos cambios que se producen no sector que as empresas de maior tamaño.

Tamén creo que o crecemento da empresa virá da man do traballo ben feito e da capacidade que teñamos para realizar alianzas e estreitar lazos con empresas máis grandes, que polo seu volume non poden realizar todos os traballos.

Situación actual

Hoje en día a empresa conta cun prestixio a nivel local e rexional.

Participamos activamente en reunións con empresas galegas e asistimos con regularidade a feiras, exposicións e xornadas que se convocan desde o sector. Ademais, os socios de Corunet manteñen unha ampla participación en actividades asociativas, ostentando cargos de representatividade en AJE Coruña, Cámara de Comercio da Coruña, CEC e AGASOL.

Perfil cliente

Corunet da servizos a múltiples tipoloxías de cliente, desde empresas pequenas e medianas a multinacionais ou institucións, achegando vantaxes competitivas en Internet e manténdose en punta de lanza da tecnoloxía aplicada ao márketing e as comunicacións.



Idea inicial

Somos dous emprendedores con bastante iniciativa. Sabemos o que queremos facer e coñecemos desde pequenos co cal hai un compoñente de confianza importante. Un bo día, ou mellor dito unha boa noite, decidimos poñer a funcionar a idea e ata hoxe.

Creo que o carácter de ambos socios foi decisivo para tomar a decisión.

Principales dificultades y amenazas futuras

O mercado no que traballamos atopase en constante evolución e non é sinxelo adaptarse aos cambios que se producen. Sen dúbida algunha esa será unha das claves para o futuro.

Por outra parte o "saber crecer", apoiándose en criterios sólidos e estábeis considero que é outro factor determinante.

Perfil promotores

Daniel Ramos é licenciado en ciencias Biolóxicas e MBA Instituto Tecnolóxico Empresarial Caixa Galicia - ICADE. Actualmente é presidente da asociación de xoves empresarios da Coruña e da Confederación Galega de Xoves Empresarios.

A empresa conta con outro socio máis.

Aos vinteseis anos crearan a súa empresa de servizos globais en Internet.

Aptitudes necesarias

Creo que a forma de ser de cada persoa é determinante. Tamén considero importante o papel da Administración.



Guía de Actividad

Servizos Integrais en Internet (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**A independencia que proporciona
O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

Daniel Ramos, o director comercial, cursou no 2006 o Máster Executive MBA do Instituto Tecnolóxico Empresarial Caixa Galicia - ICADE, impartindo clases na actualidade neste mesmo máster da materia Plan de Empresa.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Non creo que sexa imprescindible pero si recomendábel. Na miña opinión, a formación nunca sobra.

Anecdótico

Máis que unha anécdota, trátase dun comentario. Considero importante o papel da Administración. Para poder escoller, unha persoa debe coñecer as posibilidades que se lle ofrecen. Por iso opino que se debería traballar máis en ampliar as liñas de axudas a novos emprendedores, sobre todo facilitando formación específica e apoios económicos para cada sector.

